

Concello de Viveiro

EXPTE.- 1113/2024

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía, de data 28 de maio de 2024, relativo a Convocatoria para a selección de persoal laboral temporal **DE CINCO OFICIAIS**, para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral, ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2024, con número de expediente: 1113/2024.

Vistas as Bases Xerais, os seus anexos e as Bases Específicas polas que se establecen as normas para a selección de persoal en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro.

Vista a Oferta de Emprego con n.º 12-2024-5260 do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).

Vista a base xeral 7.1, que sinala "(...) Rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía ditará Resolución declarando a lista provisional de admitidos e excluídos. Esta Resolución dictarase no prazo máximo de 5 días.

A lista provisional de admitidos e excluídos publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital..."

Vista a base xeral 7.2, que sinala "(...)No caso de que na lista provisional non resulte excluído ningún aspirante, aprobarase esta lista con carácter de lista definitiva..."

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte **lista provisional e definitiva de admitidos:**

A) ADMITIDOS:

| Nº | Apelidos e Nome |
|----|--------------------------------|
| 1 | ALCALDE MARTIN TAMARA |
| 2 | BALSEIRO LAMELAS EDUARDO TOMAS |
| 3 | DIATTA ABDOULAYE SEYDI |
| 4 | DIAZ SOTOLONGA RENE ROGELIO |
| 5 | DOVALE CAO NICOLAS |
| 6 | FARIAS VILCHEZ ARACELI MILAGRO |
| 7 | FLORES BELLAS DANIELA CARMEN |
| 8 | FUERTE RUIZ MARIA JOSE |
| 9 | MANZANO MONTOYA ALSIRA |
| 10 | MARTINEZ GONZALEZ ARIEL |
| 11 | MEIER MEIER LAURA MARLENYS |
| 12 | MONTOYA MANZANO ARTURO ANDRES |
| 13 | RODRIGUEZ CORTIÑAS YOLANDA |
| 14 | ROSARIO VERAS MIRIAM DE JESUS |



Concello de Viveiro

| | |
|----|-------------------------|
| 15 | TRAVIESO MEITIN DIEGO |
| 16 | VARGAS SALAZAR BERNARDO |
| 17 | YEN PITA MATILDE INES |

No caso de que na lista provisional non resulte excluído ningún aspirante, aprobarase esta lista con carácter de lista definitiva.

Contra a lista definitiva, os aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Contra as decisións adoptadas polo Tribunal de selección caberá a interposición de recurso de alzada ante a Alcaldía, (órgano que nomea ao referido Tribunal), segundo o disposto no artigo 121 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe.

A Alcaldesa

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2
do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

